

## CURSO DE NIVEL II (decembro 2016) – NORMATIVA OFICIAL

Para este curso establécense dous tipos de FORMACIÓN COMPLEMENTARIA que os alumnos deben cumprimentar no prazo máximo de dous anos desde a finalización do curso, en función de cando realizasen o curso anterior:

- a) Alumnos que realizaron o Nivel 1 con anterioridade a 2016 (**FORMACIÓN COMPLEMENTARIA CONVENCIONAL**).
- b) Alumnos que realizaron Nivel 1 no verán de 2016. (**FORMACIÓN COMPLEMENTARIA ESPECIAL**)

### FORMACIÓN COMPLEMENTARIA CONVENCIONAL

1. Participar en 4 CETI (Programa Captación- Seguimento FGB).
2. Informe posterior do RDZ sobre a súa participación nos mesmos.
3. 30 horas de Formación continua (asistencia a charlas e clínicas).
4. Presentación do Caderno diario de adestramentos referido a un trimestre de traballo do teu equipo, antes do 31/05/2017; remitir ao RDZ da túa área xeográfica.
5. Presentación de DOUS DOCUMENTOS, antes do 31/05/2017:
  - Evolución técnico-táctica dun xogador do teu equipo durante a tempada: obxectivos, plan de traballo e valoración final. PDF, entre 6 e 8 follas.
  - Análise das dúas últimas charlas técnicas presenciadas: resumir contidos e valoración persoal.
6. Asistencia obrigatoria a DÚAS DESTAS TRES ACTIVIDADES, organizadas pola FGB:
  - Claustro Docente- Formación (decembro, 2016).
  - Taller específico de Minibasket (maio, 2017).
  - Claustro Docente- Rendemento (xuño, 2017)

### **FORMACIÓN COMPLEMENTARIA ESPECIAL**

Para os alumnos que realizaron o Curso de Nivel 1 con FGB en xullo pasado, e inscríbanse e realicen este de Nadal, establécese unha FORMACIÓN COMPLEMENTARIA ESPECIAL que fusiona ambos cursos e que se resume do seguinte xeito:

1. Participar en 5 CETIS.
2. Informe posterior do RDZ sobre a súa participación nos mesmos.
3. 40 horas de Formación continua (asistencia a charlas e clínicas).
4. Presentación de Caderno diario de adestramentos referida a un trimestre de traballo do teu equipo, antes de 31/05/2017; remitir ao RDZ da súa área xeográfica.
5. Presentación de DOUS DOCUMENTOS, antes de 31/05/2017:
  - Evolución técnico- táctica dun xogador do teu equipo durante a tempada: obxectivos, plan de traballo e valoración final. PDF, entre 6 e 8 follas.
  - Análise de dúas últimas charlas técnicas presenciadas: resumir contidos e valoración persoal.
6. Asistencia obrigatoria a ESTAS TRES ACTIVIDADES, organizadas por FGB:
  - Claustro Docente- Formación (Decembro, 2016).
  - Taller específico de Minibasket (Maio, 2017).
  - Claustro Docente- Rendemento (Xuño, 2017)

### **CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS**

Se transcorresen máis de dous anos desde a realización de calquera dos cursos nos que o alumno non completase de xeito puntual os requisitos esixidos na parte non presencial, a propia FGB non tramitará a licenza de adestrador para a tempada seguinte ao non cumprirse os requisitos establecidos para iso.